

Decreto

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO DA CATEGORÍA DE MÚSICO ESPECIALIDADE GAITA

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día quince de xullo de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 15/306 CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO (APARTADO 2.1.b, DAS BASES XERAIS QUE REGULAN A CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS BOLSAS DE TRABALLO NAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS) NA CATEGORÍA PROFESIONAL de MÚSICO ESPECIALIDADE GAITA publicada no BOP de Lugo nº 181 de 8 de agosto de 2020, rectificado por acordo 5/674 da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022 (BOP Núm. 273 de data 29 de novembro de 2022).

Visto que a Comisión de Selección tras a resolución das alegacións presentadas fronte ao anuncio da listaxe provisional actualizada a 30.09.2022 da categoría MÚSICO ESPECIALIDADE GAITA, acorda facer pública a listaxe definitiva da categoría MÚSICO ESPECIALIDADE GAITA.

Vista a Base 4 das Bases Xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais aprobadas por acordo 18/594 da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2019 e rectificadas por acordo 5/674 da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022: A orde de prelación dos/as aspirantes nas bolsas de traballo será a seguinte:

3º.- Na bolsa referida na base 2.1.c) resultante de convocatorias específicas para a constitución de bolsas de traballo, terase en conta a maior puntuación total. En caso de empate, a maior nota seguindo as epígrafes do baremo de méritos e de persistir empate, procederase ao sorteo público.

Esta Concellería, en base á delegación de atribucións por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019 RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a Bolsa de Traballo, actualizada a 30.09.2022, da categoría de MÚSICO ESPECIALIDADE GAITA comprensiva das persoas incluídas nela da puntuación obtida e da orde de chamamento, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e segundo a orde de prelación prevista na Base 4 das Bases Xerais e o correspondente sorteo público, dende a que se irá chamando os candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un

Persoal

PAF/ygc

Ref^a: ispac2982915657450168895.doc

Asunto: Bolsa de traballo gaita actualizada a 30.09.2022

deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10.1 b) e d) do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público e nas Bases Xerais que regulan a creación e funcionamento das bolsas de traballo nas categorías profesionais aprobadas por acordo 18/594 da Xunta de Goberno Local e rectificadas por acordo 5/674 da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2022:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	TOTAL
1	FERNANDEZ LOPEZ, DANIEL	***7844**	2,700
2	VILLARINO MENDEZ, JESUS	***3727**	2,600
3	EIROS FERNANDEZ, LUCIA	***5484**	2,348
4	SANCHEZ BOLON, LUIS JOSE	***3512**	0,500

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación. Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.